

# Xestión e control dos procesos por incapacidade temporal

(primeiros 365 días de duración para continxencias profesionais e comúns)\*

## Partes médicos



### Parte de baixa

Expídese inmediatamente despois do recoñecemento médico.

- **Baixa moi curta de duración:** parte de baixa e de alta no mesmo momento. Indícase a data de baixa e alta, que pode ser a mesma, ou dentro dos 3 días naturais seguintes.
- **Baixa con duración curta, media ou longa:** indícase no parte de baixa a data da vindeira revisión médica. Non máis de 7 días naturais nos procesos de duración curta ou media, e de 14 nos de duración longa.



### Parte de alta

O facultativo entrega á persoa traballadora una única copia do parte médico de alta.

Se a persoa traballadora no acude á revisión médica indicada nos partes de baixa e confirmación, emítirase a alta médica por incomparecencia.



### Parte de confirmación

Segundo a estimación da duración do proceso de incapacidade temporal:

- **Duración moi curta:** non hai parte de confirmación.
- **Duración curta:** o primeiro parte, nun prazo máximo de 7 días naturais dende a baixa médica. O segundo e sucesivos cada 14 días naturais, como máximo.
- **Duración media:** o primeiro parte, coma no punto anterior. O segundo e sucesivos, cada 28 días naturais, como máximo.
- **Duración longa:** o primeiro parte, nun prazo máximo de 14 días naturais dende a baixa médica. O segundo e sucesivos, cada 35 días naturais, como máximo.

Os prazos establecidos son prazos máximos. O facultativo pode expedir o parte nun período inferior, en función da evolución do proceso.

## Comunicación e tramitación do proceso de incapacidade temporal



### Remisión de datos

O Servizo Público de Saúde, a mutua ou a empresa colaboradora remite os datos dos partes de baixa/alta e de confirmación ó INSS, por vía telemática, no primeiro día hábil seguinte ó da súa expedición.



### Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS)

O INSS comunica á empresa, vía telemática, a través do ficheiro 'INSS EMPRESAS' do sistema RED, os datos administrativos dos partes médicos de baixa, confirmación e alta. Como máximo, no día hábil seguinte da recepción destes partes.



### Empresa

A empresa transmite ó INSS, a través do sistema RED, os datos económicos, como máximo en 3 días hábiles dende a recepción da comunicación da baixa médica. Esta obriga corresponde ás empresas, inda que teñan asumido o pago da prestación económica de incapacidade temporal.



### Traballador

A persoa traballadora xa non ten a obriga de entregar unha copia do parte médico á empresa, á entidade xestora ou á mutua.